



**XUNTA
DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"



I.E.S. DE VILALONGA

A Salgueira, 40 - 36990 Vilalonga - Sanxenxo (Pontevedra)

Tif. 886159137 - FAX 886159146

ies.vilalonga@edu.xunta.gal

www.edu.xunta.gal/centros/iesvilalonga

Plan de Convivencia IES DE VILALONGA



Indice

1. INTRODUCCIÓN.....	3
2. SITUACIÓN DA CONVIVENCIA E VALORACIÓN DAS NECESIDADES.....	7
3. ACTUACIÓNS.....	8
3.1 Programa de Titorización entre Iguais (Anexo I).....	8
3.2 Programa de Titorización Emocional (Anexo II).....	8
3.3 Programa de control de conduta (Anexo III).....	9
3.4 Normas de Organización e Funcionamento do Centro (Anexo IV).....	9
3.5 Protocolo para a prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso (Anexo V).....	9
3.6 Plan de Formación do Profesorado.....	9
3.7 Programa de Titorización Académica.....	9
3.8 Xornada de acollemento as familias.....	10
4. ESTRATEXIAS PARA REALIZAR A DIFUSIÓN DO PLAN.....	10
5. SEGUIMENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN DE CONVIVENCIA.....	10



1. INTRODUCCIÓN

A convivencia escolar é a capacidade das persoas da comunidade escolar de convivir unhas coas outras nun marco de respecto recíproco e de solidariedade, expresada nun trato correcto, amable e de responsabilidade compartida, onde a violencia non ten lugar.

O Plan de Convivencia ten un carácter formativo ao tratarse dun tipo de aprendizaxe enmarcado dentro dos obxectivos fundamentais e transversais de cada etapa. Deste xeito, debe ser asumido como un compromiso integrado, de xeito razoable, polos membros da comunidade educativa e do que todos e todas serán responsables, velando polo seu bo funcionamento e cumprimento das normas que esixe (NOFC).

O IES de Vilalonga acolle no seu proxecto educativo a un alumnado procedente dun entorno sociocultural de tipo medio-baixo. O ambiente familiar do alumnado é variado:

Existen familias colaboradoras na educación dos fillos que dedican tempo a esta tarefa e tentan educar cun con criterios coherentes. Os alumnos procedentes deste ambiente non adoitan presentar problemas de comportamento ou estes son leves.

Existen tamén familias que, aínda que se preocupan polos seus fillos, non dedican suficiente tempo á súa educación, moitas veces por razóns laborais, ou non teñen un criterio coherente e razoable na xestión da súa educación. Frecuentemente os alumnos que proceden destas familias presentan problemas de comportamento que poden e deben ser tratados.

Tamén existe un pequeno número de familias, con desestruturación en distintos graos. O alumnado procedente destes ambientes manifestan condutas contrarias á convivencia e moitas veces absentismo escolar.

A partir desta situación de heteroxeneidade no alumnado do IES de Vilalonga, derivada de procesos educativos de orixe familiar, danse frecuentemente situacións de conflictividade debido, en moitos casos, á normalización, en ambientes familiares, de condutas incompatibles cunha convivencia positiva. Moitos destes comportamentos teñen a súa orixe en carencias afectivas, carencia de atención real ou un sometemento dos pais á vontade dos alumnos en ambientes onde non hai límites nin normas educativas.

A estas deficiencias formativas que veñen derivadas do entorno familiar, engádesse frecuentemente, e a veces tamén procedentes do seu entorno familiar e social, carencias de tipo socio-emocionais dos alumnos e alumnas: falta de autoestima, dificultade para unha relación positiva, falta de integración dun principio de igualdade home-muller, egocentrismo (propio dos nenos e adolescentes emperadores) e deficiencias cognitivas.

Tendo en conta todos estes condicionantes, non podemos desaproveitar a nosa labor como educadores para dotar ao alumnado, especialmente aos que amosan máis



dificultades deste tipo, de recursos para xestionar os aspectos relacionais e de integración social nas súas vidas.

A principal liña metodolóxica deste Plan de Convivencia consiste en aproveitar o tempo que o/a alumno/a está no instituto, para dotalos dunha bagaxe emocional que lles permita desenvolverse en sociedade con criterios de respecto, tolerancia e responsabilidade.

Aproveitar o tempo que o alumnado está no instituto[...] . O horario escolar é significativo dentro da vida dos alumnos. Se consideramos o tempo que un/ha alumno/a está no centro educativo podemos recoñecer dous momentos importantes: momentos dentro da aula, momentos inter-clase (recreos, chegadas, saídas, cambio de clases...). No tempo que transcorren dentro da clase, consideramos necesario o control de conduta mediante as seguintes ferramentas: **Programa de Control de Conduta e Programa de Titorización Emocional**. Para o tempo inter-clase a principal ferramenta coa que contamos é o **programa TEI (Titorización Entre Iguais)** contra o acoso escolar, que está implantado neste centro e que consegue un cambio de clima das relacións entre o alumnado, xusto nos lugares e tempos nos que o profesorado non pode controlar a situación.

[...] **para dotalos dunha bagaxe emocional [...]**. Cremos que a formación no recoñecemento das emocións e no seu control, na autoestima e desenvolvemento das capacidades propias, na autonomía, e nas formas de relacións asertivas e non violentas son condicións inseparables constitúen en sí un obxectivo formativo que está recollido nas competencias clave de todas as materias: aprender a aprender, competencias sociais e cívicas e sentido da iniciativa e espírito emprendedor. Ademais a dotación dunha axeitada bagaxe emocional é un requisito necesario e mesmo previo para calquera outro obxectivo educativo. Como apoio deste obxectivo está o Programa TEI, Programa de Titorización Emocional, Intervención do Departamento de Orientación.

[...] **Que lles permita desenvolverse en sociedade con criterios de respecto, tolerancia e responsabilidade.** Desde unha visión ecolóxica dos procesos educativos, toda repercusión sobre o alumnado, dos procesos educativos no centro, terán influencia inmediata no entorno do alumno/a concreto. Pretendemos con este Programa de Convivencia conseguir no alumnado e especialmente no máis conflitivo a normalización de condutas prosociais na súa vida.

En definitiva, o Plan de Convivencia do IES de Vilalonga tenta que a ningún alumno ou alumna se lle negue a oportunidade de formarse para a convivencia e especialmente aos que máis os necesitan.

Os principais obxectivos do Plan de Convivencia do IES de Vilalonga son os seguintes:

1º Educación na convivencia positiva en base a programas que traballan aspectos da educación emocional (autoestima, empatía, autoconecemento...)

2º Conseguir un clima de centro positivo nas relacións, no que o alumnado sexa protagonista e mantedor deste ambiente, así como os principais valedores das normas de convivencia.



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES



I.E.S. DE VILALONGA

A Salgueira, 40 - 36990 Vilalonga - Sanxenxo (Pontevedra)

Tif. 886159137 - FAX 886159146

ies.vilalonga@edu.xunta.gal

www.edu.xunta.gal/centros/iesvilalonga



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

3º Consegur unha cultura de centro baseada na corresponsabilidade (todos nos preocupamos por todos) e a solidariedade entre os membros da comunidade escolar.

4º Educación no principio de igualdade entre homes e mulleres e normalización dunhas relacións entre homes e mulleres baseadas no respecto e na igualdade.

5º Educación no respecto ás diferenzas físicas, de tendencia sexual, raciais, culturais, ideolóxicas, de crenzas...

6º Reeduación e integración para a convivencia do alumnado conflitivo e con problemáticas de tipo cognitivo ou problemáticas de orixe social.

7º Aplicación de medidas de solución de conflitos, mediante o diálogo, e aplicación de medidas correctoras, con sancións ás condutas do alumnado contrarias á convivencia e premios ou valoracións aos cambios positivos.

8º Que os alumnos e alumnas sexan os principais xestores da convivencia do centro, desempeñando, o profesorado e demais membros da comunidade educativa, un papel de acompañamento na aprendizaxe dun xeito de convivir en positivo.



1. SITUACIÓN DA CONVIVENCIA E VALORACIÓN DAS NECESIDADES

Da enquisa realizada pola Consellería de Educación aos diferentes sectores da comunidade educativa durante o curso 2015/16, en relación á convivencia escolar podemos realizar a seguinte descrición.

Dos resultados obtidos podemos concluír que o clima do centro é maioritariamente positivo e o sistema de relacións, tanto dentro dos diferentes sectores da comunidade (alumnado, profesorado) coma entre eles (profesorado- alumnado, profesorado-familias) é bastante correcto.

Para a maioría do alumnado, profesorado, familias e persoal non docente, a convivencia no centro mellorou lixeiramente nos últimos anos e consideran que os problemas de convivencia existen de xeito puntual.

O profesorado recoñece que os conflitos que con maior incidencia ocorren no centro están relacionados con alumnado que non permite impartir a clase (amosa pouco interese, non traballa, non trae o material necesario, non presta atención ou distrae ao resto da clase) e agresións, berros e malos modos entre alumnas/os, sendo estas agresións verbais (insultos, ameazas), subtracción de obxectos ou situacións de illamento ou rexeitamento entre compañeiros/os (rirse dun, meterse cun/cunha compañeiro/a...). De xeito illado danse casos de alumnas/os con comportamentos disruptivos na aula, que impiden que a clase se desenvolva con normalidade, interrompendo ao profesor/a e incluso faltando ao respecto. É unha parte do alumnado sen interese polas aprendizaxes académicas que en moitas ocasións non trae material e presenta unha historia de fracaso escolar e atraso académico. A idade soe estar entre os 14 e 16 anos, concentrados principalmente en 2º de ESO e en Formación Profesional Básica.

Consideran que o feito de que todo o equipo docente se implique na adopción de medidas conxuntas resolvería conflitos, valorando como fundamental tamén a implicación familiar na adopción de medidas e dando máis ou menos igual peso e importancia ás medidas disciplinarias cás educativas.

Unha porcentaxe do profesorado demanda máis formación en estratexias axeitadas para afrontar estas situacións.

En relación á frecuencia de determinadas condutas no centro, a maioría do alumnado percibe que condutas positivas como atender ás explicacións, axudar a algún/a compañeiro/a nas tarefas da clase, cumprir as normas, facer as tarefas, obedecer e respectar ás/ós profesoras/es e respectar o horario das clases desenvólvense bastantes ou moitas veces. Outras condutas positivas como evitar que traten mal aos demais ou traballar en grupo consideran que se realizan con menor frecuencia. Por outra banda, hai condutas negativas que unha ampla maioría non percibe en absoluto frecuentes como o acoso, obrigar a algún/ compañeiro/a a facer algo que non quere, roubar ou tomar drogas. Outras, en cambio, como chegar tarde a clase, deixar de lado



a algún/a compañeiro/a, insultar, interromper a clase ou poñer alcumes ou rirse doutra persoa percíbenas como algo máis frecuentes.

A percepción maioritaria entre o alumnado é que a resolución dos conflitos de convivencia no centro ou na aula resólvense principalmente falando co/a profesor/a en privado, falando entre todos/as ou coa imposición de sancións.

Case a metade do alumnado percibe que as instalacións do centro están bastante coidadas, considerando tanto alumnado como profesorado que o principal problema é o lixo tirado no chan.

Respecto á visión das familias, podemos dicir que unha gran maioría manifesta estar moi ou bastante a gusto co centro e pensa que as/os súas/seus fillas/os veñen a gusto tamén.

Manifestan coñecer só en parte ou incluso descoñecer totalmente nunha alta porcentaxe a normativa sobre dereitos e deberes de alumnado, profesorado e familias.

Relaciónanse co centro fundamentalmente a través das/os titoras/es e acoden ó centro para entrevistarse ca/o mesma/o unha ou dúas veces por curso, pero din ser invitados a participar en actividades do centro poucas veces ou case nunca e non teñen costume de acudir ó mesmo para participar en ningunha ocasión.

2. ACTUACIÓNS

En función das conclusións anteriores, o IES de Vilalonga, propón unha serie de actuacións sobre o alumnado, profesorado e familias, que incidan na mellora da convivencia, relacionados todos entre si, tal e como se indica no organigrama anterior.

Estas actuación son:

3.1 Programa de Titorización entre Iguais (Anexo I)

O programa de titorización entre iguais do I.E.S. de Vilalonga (Pontevedra), ten como principais obxectivos **mellorar a integración escolar e traballar por unha cultura de centro educativo inclusiva e dentro dos principios da non violencia**, desenvolvendo relacións entre iguais máis satisfactorias.

Este programa pon como principal protagonista da convivencia ao alumnado, dándolle un papel relevante no proceso de resolución de conflitos.

Por experiencias en centros educativos, tanto neste coma noutros países, nos consta que se valora de xeito moi positivo a **participación activa dos iguais** en todo proxecto de convivencia dun centro. Pódese ver como, entre iguais, se tratan con naturalidade os problemas de transición da escola primaria ao ensino secundario, a prevención do abuso de poder, a resolución de conflitos, as dificultades da amizade e outros temas nesa liña.



3.2 Programa de Titorización Emocional (Anexo II)

O programa de Titorización Emocional, é un plan novedoso no noso sistema educativo, que pretende aproveitar a influencia, a afinidade ou empatía que un determinado profesor/a ten con certo alumnado conflitivo e conseguir cambios de actitudes duradeiros e autónomos en cuestións de convivencia.

Esta destinado principalmente ao alumnado que ten comportamentos disruptivos dentro da aula.

3.3 Programa de control de conduta (Anexo III)

O programa de control de conduta, pretende dar unha pautas de actuación a todo o profesorado ante comportamentos disruptivos que se manifestan na aula e que non se corríxen co tratamento aplicado no programa de titorización emocional, de xeito que todo o profesorado actúe de xeito coordinado ante estas situacións.

3.4 Normas de Organización e Funcionamento do Centro (Anexo IV)

3.5 Protocolo para a prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso (Anexo V)

3.6 Plan de Formación do Profesorado

O noso centro propón para este curso 2022-2023 dúas liñas de formación :

- *"Estratexias para traballar a intelixencia emocional e a convivencia"*
- *"Estratexias para atender ás necesidades do noso alumnado con TEA e dislexia"* co emprego de recursos e metodoloxías inclusivas.

3.7 Programa de Titorización Académica

Está dirixido a aquel alumnado que non sendo disruptivo non ten ganas de traballar e amosa certa apatía. O encargado desta titorización académica será un profesor/a do equipo de convivencia ou un profesor que teña feeling co alumno/a en cuestión. A finalidade é que non se "descolgue", para iso o profesor realizará un seguimento preguntándolle polos avances e felicitándoo por eles cando os hai ou animándoo a conseguilos.

3.8 Xornada de acollemento as familias

O centro leva varios anos celebrando a principio de curso, xornadas de acollemento ás familias, nas que membros do equipo directivo e os titores e titoras explican as normas de funcionamento do centro e aclaran todas as posibles dudas.

Ademais, en xuño, lévanse a cabo xornadas coas familias do alumnado de nova incorporación do seguinte curso (1º ESO e 1º Bacharelato) no que se explica a nova etapa educativa que comezarán os seus fillos e fillas.

3. ESTRATEXIAS PARA REALIZAR A DIFUSIÓN DO PLAN

O presente plan de convivencia deberá ser publicitado na páxina web do centro para que poda ser consultado por calquera membro da comunidade educativa.

Así mesmo, realizaranse:

- sesións de titoría para difundir entre o alumnado as normas de organización e funcionamento do centro.
- Reunións co profesorado de nova incorporación ao inicio de cada curso escolar.
- Xornadas de acollemento ás familias con apartado específico adicado á convivencia escolar.

4. SEGUIMENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN DE CONVIVENCIA.

Debido a que os programas que constituen este plan de convivencia, precisan dun tempo para avaliar a súa implantación xa que precisan da formación do alumnado e do profesorado, propónse que esta avaliación sexa bianual.

Esta avaliación, terá como indicadores:

- O grao de satisfacción das persoas implicadas.
- O grao de consecución dos obxectivos propostos.

Corresponderá á Comisión de convivencia, creada no seno do Consello Escolar, ser a responsable de dita avaliación, tomando como partida a enquisa realizada pola Consellería de Educación no ano 2015-16. Ademais, publicitará estes resultados entre todos os membros da comunidade educativa.

No mes de abril, o profesorado, alumnado, persoal laboral e a comisión de convivencia, a título individual ou colectivo, poderá presentar emendas parciais



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES



I.E.S. DE VILALONGA

A Salgueira, 40 - 36990 Vilalonga - Sanxenxo (Pontevedra)

Tif. 886159137 - FAX 886159146

ies.vilalonga@edu.xunta.gal

www.edu.xunta.gal/centros/iesvilalonga



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

perante a dirección do Centro, que as levará durante o mes de maio a un claustro extraordinario para a súa discusión. As que resulten aprobadas por maioría simple serán levadas ao último Consello Escolar do curso académico para a súa revisión e inclusión no documento.

As modificacións aprobadas entrarán en vigor ao comezo do curso académico seguinte.